



INFORME Á COMISIÓN DE TRANSPARENCIA A RESPECTO DA “AUDITORÍA INFORMATIVA SOBRE ÍNDICE DE TRANSPARENCIA AYUNTAMIENTOS”

Na sesión ordinaria celebrada o 15 de marzo de 2021, o concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior deu traslado aos membros da Comisión de Transparencia, Contratación Pública e Publicidade Institucional de copia en papel dun documento denominado “Auditoría informativa sobre Índice de Transparencia Ayuntamientos” e asinado polo investigador Paulo Carlos López, do Equipo de Investigacións Políticas da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Pretendía así dar cumprimento a un dos acordos adoptados por unanimidade, nesta mesma comisión, o 18 de outubro de 2019, a iniciativa desta presidencia. Así consta na acta de tal data:

“Solicitar á Alcaldía a presentación dun informe anual que dea conta das **políticas de transparencia** e do **grao de cumprimento da normativa específica e dos indicadores estabelecidos por Transparencia Internacional (ITA)**, para a súa discusión na comisión e o seu traslado ao Pleno da Corporación, se procede”.

Malia a que esta información non foi facilitada polo concelleiro, e tras a consulta do correspondente expediente, a documentación facilitada parece formar parte da encarga realizada o 7 de febreiro de 2020 mediante “Contrato menor do traballo para a avaliación do cumprimento dos indicadores de transparencia na xestión pública” por importe de **17.545 euros, IVE incluído**. É preciso indicar, por tanto, que a diferenza das avaliacións periódicas realizadas por Transparencia Internacional sobre a transparencia nas administracións locais, os informes ITA, **non estamos ante un ditame plenamente independente nin, dende logo, dun exame do organismo de referencia**. Dito isto, por suposto, con todo o respecto pola solvencia académica de quen asina o informe.

Debemos sinalar tamén, antes de abordar en detalle os seus resultados, que esta “auditoría” non se pronuncia sobre dúas materias incluídas no acordo reproducido máis arriba. **Nin informa sobre “as políticas de transparencia” do goberno municipal ao longo do ano 2020 nin tampouco sobre “o grao de cumprimento da normativa específica” neste campo**. Posto que estes aspectos tampouco foron abordados polo concelleiro na súa comparecencia, debemos insistir en que **os compromisos adquiridos pola Alcaldía seguen a ser incumpridos** no capítulo de transparencia.

Feitas estas aclaracións, e obviando o **discutible uso da información por parte do goberno municipal** a través do seu gabinete de comunicación¹, cómpre agora examinar as conclusións ás que chega o investigador. Farémolo empregando a súa mesma metodoloxía, isto é, estimando en

¹ O informe indica, na súa páxina 2, que “non se autoriza a súa reprodución, distribución ou comunicación dos datos aquí expostos”. Esta presidencia non se fai responsable da eventual vulneración desta cláusula, toda vez que foi o propio concelleiro de Facenda quen circulou o documento para a súa incorporación á acta e quen autorizou, é de supoñer, a difusión pública das conclusións da “auditoría”.



cada caso o que Transparencia Internacional podería ditaminar na actualidade se aplicase os indicadores empregados no seu último informe, realizado en 2017, cousa polo demais inhabitual. Coa vantaxe, neste caso, de contar coa experiencia directa daquela avaliación, como a teñen os técnicos municipais que, lamentablemente, non foron chamados a participar nesta “auditoría”.

Tras a nosa análise, e polas razóns que se detallarán máis abaixo, **a puntuación estimada pola “auditoría” debe ser revisada á baixa**. Fronte aos 86,25 puntos, nós prevemos que hoxe o Concello da Coruña obtería unicamente 70,6 puntos. Isto significaría **unha perda de 12,5 puntos con respecto á última avaliación oficial, ITA 2017**.

ÁREA DE TRANSPARENCIA	PUNTUACIÓN PARCIAL DA AUDITORÍA	REVISIÓN	PUNTUACIÓN PONDERADA AUDITORÍA	PUNTUACIÓN REVISADA	ITA 2017
TRANSPARENCIA GLOBAL	69	56,5	86,25	70,6	83,1
1.- Transparencia activa e información sobre a Corporación	17,5	16,5	83,3	78,6	88,1
2.- Páxina web, relación cos cidadáns e sociedade e participación cidadá	14	12	93,3	80	80
3.- Transparencia económica e financeira	10,5	10,5	95,5	95,5	100
4.- Transparencia na contratación, convenios, subvencións e custos dos servizos	9,5	4,5	79,2	37,5	66,7
5.- Transparencia en materias de urbanismo, obras públicas e medio ambiente	9,5	7	79,2	58,3	91,7
6.- Dereito de acceso á información	8	6	88,9	66,7	66,7

Vexamos a continuación, con maior detalle, os indicadores agrupados segundo os distintos bloques definidos en 2017 por Transparencia Internacional.

1.- Indicadores de transparencia activa e información sobre a Corporación municipal

Dos 80 indicadores empregados por Transparencia Internacional en ITA 2017, 21 intégranse neste primeiro bloque. **A auditoría estima que o Concello da Coruña acadaría hoxe unha puntuación de 83,3 sobre 100, isto é, 4,8 puntos menos que os obtidos hai agora catro anos (88,1). Dende o**



noso punto de vista, porén, a nota sería como máximo de 78,6 puntos, 9,5 menos que en 2017. Estas son as principais consideracións que podemos facer ao respecto:

1.1.- Examinados os indicadores e contrastados coa web municipal, conséntase que no Concello da Coruña non se deu ningún avance neste bloque dende xuño de 2019. Ben ao contrario, como o propio investigador indica, producíronse algúns retrocesos.

1.2.- Os contactos directos cos membros do goberno municipal, incorporados ao portal do Concello por vez primeira no pasado mandato, non son hoxe plenamente accesibles á cidadanía. Sinálao a propia auditoría, a pesar de darlle a máxima puntuación nese indicador.

1.3.- A axenda pública do máximo responsable do Concello, outra das melloras introducidas polo alcalde Xulio Ferreiro, non está tampouco plenamente operativa na actualidade. A propia auditoría indica que “non permite navegación para comprobar actos pasados ou futuros”. Esta é unha condición indispensable para dar por satisfeito este indicador, como sinala Transparencia Internacional cando esixe que se inclúan “as actividades xa celebradas”, que si se poden consultar, e tamén “aquelas programadas para a súa próxima realización”, [cousa que non acontece hoxe](#). É moi discutible, ao noso entender, que a pesar do exposto se lle poida dar a máxima puntuación.

1.4.- En 2017, o informe ITA valorou positivamente o indicador número 3, no que se esixe que o Concello publique de forma detallada e individualizada os gastos de viaxe do alcalde ou alcaldesa e do resto dos cargos electos do goberno. Na actualidade, esa información [non está dispoñible para a cidadanía, como denuncia a auditoría](#).

1.5.- Na información que se ofrece no portal municipal sobre a Relación de Postos de Traballo (RPT) dos órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais tamén se rexistra un retroceso, con ligazóns inoperativas e documentación desactualizada. A propia auditoría dá por incumprido este indicador.

1.6.- Carece de fundamento a máxima puntuación que a auditoría propón para o indicador 11, no que parece confundirse a “política de xestión, conservación e eliminación dos documentos e arquivos”, que é o que ITA esixe, coa mera descrición do Arquivo Municipal na web.

1.7.- Debe poñerse de relevo, como fai a auditoría no indicador número 15, que o Concello da Coruña segue a operar cunha instrución e un decreto sobre transparencia de 2016, o que evidencia a nula preocupación do actual goberno local sobre esta materia.



1.8.- Deixamos constancia aquí da nosa preocupación a respecto do indicador número 20, sobre a publicidade das resolucións xudiciais que afectan ao Concello. A auditoría denuncia que esta información, da máxima relevancia, [está sen actualizar dende que finalizou o pasado mandato na primavera de 2019.](#)

1.9.- Polo demais, celebramos que sigan vixentes algúns dos avances realizados no pasado mandato e recoñecidos por Transparencia Internacional en 2017, como a retransmisión e arquivo das sesións plenarias, a publicación de convocatorias, ordes do día e acordos dos órganos ou a publicidade das retribucións do goberno, entre moitos outros.

2.- Indicadores sobre a páxina web, a relación cos cidadáns e a sociedade e a participación cidadá

A este apartado pertencen 15 dos 80 indicadores de ITA. **A auditoría propón cualificar este bloque con 93,3 puntos, 13,3 máis que hai catro anos (80). Dende o noso punto de vista, carece completamente de fundamento. Estimamos que hoxe o Concello da Coruña acadaría de novo 80 puntos** á luz das seguintes consideracións:

2.1.- O elemento central para o cumprimento deste bloque de indicadores é a existencia dun Portal de Transparencia, implementado durante o pasado mandato.

2.2.- A auditoría dálle a máxima puntuación ao indicador número 31, cumprido en 2017 grazas á creación de portais de noticias a disposición de cada un dos grupos municipais da oposición. Eses portais foron suprimidos da páxina web pola actual alcaldesa, polo que é impropiedade manter esa cualificación.

2.3.- O Concello da Coruña non dispón na actualidade de orzamentos participativos, logo da súa paralización en 2019. Resulta por tanto inxustificable que reciba a máxima puntuación no indicador número 36 cunha ligazón a un portal en desuso.

3.- Indicadores sobre transparencia económico-financeira

Correspóndense con este bloque 11 dos 80 indicadores de ITA. **A auditoría suxire que o Concello recibiría 95,5 puntos, 4,5 menos que en 2017, cando se recibiu a máxima puntuación (100). Dende o noso punto de vista, a estimación é razoable, aínda que podería ser máis baixa, como explicaremos a continuación:**

3.1.- Un dos principais avances en materia de transparencia durante o pasado mandato foi a posta en marcha do portal ondevanosmeusimpostos.gal en colaboración coa entidade sen



ánimo de lucro Civio. Esta ferramenta permitíalle á cidadanía navegar pola información orzamentaria de maneira sinxela, rigorosa e interactiva: fontes de ingresos, prioridades no gasto, grao de execución do presuposto, comparativa entre exercicios, relación de provedores, etc. Este portal foi desactivado polo actual goberno municipal. Debía ter sido actualizado, como mínimo, a 31 de decembro de 2019 e de novo a 31 de decembro de 2020, cousa que non aconteceu. Ao noso modo de ver, ademais de ser un retroceso para o Concello da Coruña, podería ter un impacto negativo no vindeiro exame ITA.

3.2.- Ademais de estimar, en xeral, unha baixada do grao de transparencia na información económico-financeira, a auditoría sinala en varios dos indicadores que a información que solicitaría ITA non consta explicitamente no web do Concello ou está sen actualizar dende o cambio de goberno. É o caso do número 46, no que se esixe poñer ao dispor da veciñanza non só “o importe da débeda pública municipal consolidada”, senón a súa “evolución en comparación cos exercicios anteriores”. Esta información facilitábase unicamente, e de xeito accesible e interactivo, no portal ondevanosmeusimpostos.gal, hoxe inactivo. É moi dubidoso que ITA volveuse dar a máxima puntuación ao Concello neste indicador, como suxire a auditoría.

4.- Indicadores sobre transparencia na contratación, convenios, subvencións e custos dos servizos

Nesta área figuran 12 dos 80 indicadores de ITA. **A auditoría estima que hoxe o Concello obtería aquí 79,2 puntos, isto é, 12,5 máis que hai catro anos (66,7). Dende o noso punto de vista, esta valoración é completamente inxustificada e cremos que o máis axustado sería prever unha caída até os 37,5 puntos**, polas razóns que expoñemos a continuación:

4.1.- Os indicadores 48 e 54, sobre contratación pública, no se poden dar en ningún caso por cumpridos. ITA esixe que na web figuren, accesibles para o cidadán, “todos os contratos realizados polo Concello”, tanto na súa fase de licitación como unha vez formalizados. A referencia á Plataforma de Contratación do Sector Público, por tanto, é insuficiente. O apartado web no que deberían figurar os contratos formalizados carece de información posterior a outubro de 2019.

4.2.- Tampouco as modificacións dos contratos en vigor están accesibles “mediante enlace directo e específico na web”, como esixe ITA, polo que non se xustifica a puntuación do indicador 50.

4.3.- A información relativa ás mesas de contratación tampouco está completa na páxina web, toda vez que ITA se refire a todos os órganos deste tipo, tamén os descentralizados, nin



actualizada, posto que non figuran as máis recentes modificacións. Non se xustifica a puntuación estimada para o indicador 51.

4.4.- Como sinala a auditoría, o Concello non publica “datos estatísticos sobre a porcentaxe no volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público”. Esa é a razón pola que esta información figura entre as que se lle solicitan á Alcaldía no acordo unánime da Comisión de Transparencia do pasado mes de outubro de 2019. A día de hoxe, segue sen ser facilitada.

4.5.- A web do Concello non facilita a “relación detallada de subvencións e axudas públicas concedidas”, polo que non se xustifica a estimación do indicador 56.

4.6.- Tampouco é certo, polo que debe revisarse a puntuación estimada para o indicador 57, que a web permita ao cidadán coñecer as asignacións económicas “de cada un dos grupos políticos municipais”.

4.7.- Inexplicablemente, a auditoría concede a máxima puntuación ao indicador 58, no que ITA esixe que se publique a lista de provedores do Concello. Esta información facilitábase no portal ondevanosmeusimpostos.gal, unha ferramenta, reiteramos, desactivada polo goberno tras a súa toma de posesión.

5.- Indicadores sobre transparencia en materias de urbanismo, obras públicas e medio ambiente

A este bloque pertencen 12 dos 80 indicadores de ITA. **A auditoría estima que hoxe o Concello acadaría unha puntuación de 79,2 puntos neste apartado, 12,5 menos dos recibidos en 2017. Dende o noso punto de vista, porén, esta sería moito máis baixa: 58,3 puntos.** Ao respecto, debemos facer as seguintes consideracións:

5.1.- Debe revisarse á baixa a puntuación do indicador 63, posto que a relación de convenios urbanísticos está sen actualizar. Carece de información sobre o presente mandato.

5.2.- Non se xustifica, e debería revisarse á baixa, a máxima puntuación concedida ao indicador 64, que esixe que o portal web do municipio dispoña de “información detallada e precisa sobre os usos do solo do municipio”, materia que non debe confundirse coa publicidade que se lle dá, faltaría máis, ao planeamento urbanístico vixente.



5.3.- Dáse por cumprido parcialmente o indicador 68, sobre a relación de empresas que realizaron as obras públicas máis importantes do Concello, recorrendo novamente a un portal que non está activo, ondevanosmeusimpostos.gal. Debe revisarse á baixa.

5.4.- O mesmo acontece co indicador 71, sobre ingresos e gastos na área de Urbanismo. Os datos que a auditoría achega como evidencias de que se cumpre parcialmente proceden, máis unha vez, dun portal posto en marcha durante o pasado mandato e que hoxe está inactivo.

6.- Indicadores sobre dereito de acceso á información

Por último, constan neste bloque 9 dos 80 indicadores. **A auditoría estima que hoxe o Concello recibiría 88,9 puntos neste apartado, fronte aos 66,7 de hai catro anos. Dende o noso punto de vista, a estimación pode ser algo optimista, pero os termos son razoables.** Con todo, debemos facer unha observación:

6.1.- A auditoría sinala que o portal municipal non ofrece información sobre as solicitudes de acceso á información, que ITA esixe con carácter bimestral. Sería oportuno que, ademais de corrixir este aspecto da web, se fornecese a Comisión de Transparencia destes datos de forma regular.

CONCLUSIÓNS

Este exercicio que vimos de facer ten a mesma validez que o realizado pola “auditoría” encargada polo goberno municipal mediante contrato menor: ningunha ou practicamente ningunha. A clave dos exames ITA é que os realiza unha entidade independente, de referencia e cos seus propios criterios, que nunca comparte cos concellos avaliados. Con todo, hai unha diferenza entre estas notas e o acontecido o pasado 15 de marzo. Aquí non se engana a ningún.

Á vista do exposto máis arriba, trasladamos á Comisión de Transparencia as seguintes conclusións:

1.- **O balance global en materia de transparencia, ao noso entender, é negativo.** Aínda que nalgúns materias se poidan apreciar melloras, a consecuencia da renovación da web do Concello da Coruña encargada durante o pasado mandato, traballo polo que cómpre felicitar aos traballadores e as traballadoras municipais, constátanse tamén retrocesos inexplicables.

2.- Avanzar en materia de transparencia non é doado. Implica a toda a estrutura municipal. Por iso é moi importante non desfacer o camiño andado. Neste sentido, instamos á alcaldesa a restaurar



aqueles avances acadados no pasado mandato, xa detallados ao longo destas páxinas. **Só con recuperar o portal ondevanosmeusimpostos.gal xa se mellorarían moitos indicadores.**

3.- Máis alá das cuestións de detalles, cómpre sinalar que **o Concello da Coruña non aprobou no presente mandato ningunha instrución ou plan de transparencia.** Instamos á alcaldesa, como máxima responsable na materia, e reconducir esta situación.

4.- Os indicadores ITA non esgotan, de ningún modo, as posibilidades e obrigas dunha entidade local en materia de transparencia. Neste sentido, **preocúpanos a falta de información sobre o grao de desenvolvemento do proxecto de RED.ES, financiado con fondos FEDER obtidos no pasado mandato, para o desenvolvemento dunha plataforma de goberno aberto colaborativa e interoperable e na que precisamente o Concello da Coruña debía liderar o apartado de transparencia.** Tampouco se coñecen avances no que respecta aos datos abertos e reutilizables que o Concello debería ter publicados e abertos á cidadanía.

5.- Ao noso entender, **o maior ou menor cumprimento dos indicadores ITA non exime ao goberno local de atender as esixencias da Comisión de Transparencia, Contratación Pública e Publicidade Institucional,** órgano creado por acordo plenario e plenamente respaldado nas súas funcións pola normativa local.

6.- Neste sentido, e para rematar, é preocupante que transcorrida a metade do mandato corrente as obrigas en materia de transparencia, respaldadas por un acordo unánime dos membros desta comisión, sigan incumpridas e sexan obxecto permanente de conflito. **Instamos a alcaldesa, por tanto, a reflexionar e cambiar de actitude. Facelo mellorará, sen dúbida, a calidade democrática do debate na Corporación e evitará a xudicialización de determinados asuntos ou o recurso aos órganos que velan polo cumprimento da lei en materia de transparencia.**

A Coruña, a 24 de marzo de 2021

Iago Martínez
Vicevoceiro da Marea Atlántica
e presidente da Comisión de Transparencia